



## **DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN: 3º TRIMESTRE**

Desde o inicio do estado de alarma, e tendo en conta o modelo de ensino que está sendo na distancia a través de distintos medios, no Departamento de Orientación estamos a facer o seguinte:

1º- Elaboramos unha carta con suxestións para poder facer na casa e que axude a que esta nova etapa sexa o máis levadeira posible.

2º.- Os especialistas de PT, AL e Orientadora elaboramos unhas orientacións para todo o alumnado, especialmente para o alumnado con necesidades educativas especiais e alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Están relacionadas coas actividades a desenvolver nas materias de: linguas, matemáticas, naturais e sociais. Estas orientacións están na páxina web do colexio no apartado orientadora.

3º.- Subimos tamén á páxina web as pautas que temos elaboradas para atender á diversidade cos seguintes temas:

- Dislexia.
- Trastorno do espectro autista.
- Trastorno por déficit de atención con ou sen hiperactividade.
- Alumnado con problemas de conduta.
- Alumnado con Altas Capacidades.
- Hemiparesia.
- Trastorno específico da linguaxe.

4º.- No apartado "Orientadora" da páxina web do colexio ademais dos pdf antes sinalados, hai material específico sobre conduta e modificación de conduta e distintos contos e obras de teatro relacionados con temas como: autismo, dislexia, día do libro, muller traballadora, autoestima, altas capacidades e outros que se irán elaborando no que queda de curso.

5º.- Na páxina web en "Audición e Linguaxe" e en "Pedagogía Terapéutica" están recollidas diversas orientacións para as familias e recursos propostos polos especialistas. Por unha banda, nos "Recursos" hai numerosas tarefas indicadas para habilidades sociais, problemas de conduta, actividades propostas para facilitar as aprendizaxes, problemas de articulación, dificultades na lectoescritura, etc. Por outra banda, tamén está o material de reforzo para o alumnado que está recibindo apoio de PT e /ou de AL, adaptado ás súas necesidades.



6º.- A Orientadora está diariamente en contacto telefónico coas especialistas de PT e AL para deseñar medidas a seguir co alumnado con necesidades educativas especiais e alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Posteriormente hai unha coordinación co profesorado dese alumnado para facilitarlle orientacións e o material proposto polos especialistas de PT e de AL para o alumnado que están atendendo, segundo a programación que os titores van propondo. Este material máis específico e individualizado que precisa o alumnado con n.e.a.e. é enviado a cada familia a través do correo electrónico ou a través do Concello.

7º.- En coordinación con todo o profesorado colaboramos na detección do alumnado de apoio que non tiña posibilidade de acceder aos contidos a través da páxina web do centro. Actualmente o concello de Narón facilita a posibilidade de levar o material a casa deste alumnado.

8º.- O Departamento de Orientación colabora co resto do profesorado no seguimento deste alumnado via telefónica, de forma periódica, para saber como está sendo a situación nos fogares e se están facendo as tarefas propostas.

9º.- Todo o alumnado e as familias, se pode poñer en contacto co profesorado nos correos que están expostos na páxina web, e coa orientadora no correo e por telefono para atender calquera dúbida que poidan ter, así como para intentar solucionar os problemas emocionais que poidan estar a presentar.

10º.- Sempre que o profesorado o considere, pode poñerse en contacto co profesorado de apoio e orientadora. O obxectivo é de servir de axuda nesta etapa, na medida das nosas posibilidades.

### **Que queda sen facer neste terceiro trimestre?**

Con respecto aos estándares de aprendizaxe e competencias clave, quedan sen traballar aqueles recollidos no programado para o terceiro trimestre. Os especialistas de PT e de AL siguen propondo material de reforzo e de recuperación do dado no primeiro e no segundo trimestre.

Con respecto á avaliación psicopedagóxica quedan sen poder pasarse os test Bady G en 5º e 6º curso de E. Primaria, e rematar a proba de discriminación auditiva nos Bady de 6º de E. Infantil.



Do mesmo xeito tamén quedan sen pasar as probas individuais que se farían a partires dos resultados globais dos Badys nes cursos.

Tamén estaba pendente a avaliación diagnóstica individual dunha nena de 4º de E. Primaria, unha de 3º de E. Primaria , 2 de 1º de E. Primaria e 1 neno de 6º de E. Infantil.

### **Informes:**

Os especialistas de PT e de AL farán un informe para o Departamento de Orientación de todo o alumnado que están atendendo.

A Orientadora, a partires deste informe, dos informes que faciliten os titores, titoras e profesorado especialista e das probas diagnósticas realizadas ao longo do curso, elaborará un informe de todo o alumnado que está a recibir algún tipo de apoio. Neste informe especificaranse as necesidades de apoio que se consideran necesarias de cara ao vindeiro curso para este alumnado.

Narón, 6 de maio de 2.020

A Orientadora

Mª Carmen Ogaza Rojas